


Onde está 'O corredor'? O autor e o Concello de Vigo descoñecen o seu paradiro

A escultura de Ramón Conde foi estragada en outubro a causa dun accidente de tráfico.



 'O Corredor', de Ramón Conde, estaba presente na rotonda da Florida, en Vigo. (Foto: Elisardojm)



REDACCIÓN

24/XAN./23 - 08:47 **ACTUALIZADO:** 24/XAN./23 - 08:47



O artista ourensán **Ramón Conde** vén de denunciar a desaparición dunha das súas obras. Trátase da escultura chamada '**O Corredor**', situada até o 2 de outubro de 2022 nunha rotonda da avenida da Florida da cidade de Vigo.

A obra foi daquela **estragada nun accidente viario** no que un condutor embriagado atravesou a glorieta a gran velocidade, provocando danos graves na escultura. A peza foi entón retirada por operarios municipais.

Conde comunicouse por escrito co Concello de Vigo en novembro para interesarse pola súa obra. Porén, denuncia que **aínda non obtivo resposta**, co que descoñece tanto o paradiro da escultura como o estado en que se atopa.

O escultor, que expresou o seu dereito a dirixir os traballos de restauración do *Corredor*, sinalou que soubo dos feitos pola prensa, dando a entender que o Concello de Vigo omitiu informalo dos danos que sufriu a súa obra.

Consultados por *Nós Diario*, os departamentos de Vías e obras e Patrimonio do Concello de Vigo afirman descoñecer aínda o paradiro da escultura de Conde.